

ANEXO

Solicitud de participación na V convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2023)

Centro propoñente: Facultade de Filoloxía
Denominación da práctica: Boletín semanal
Proceso(s) do SGC implicado(s): Información pública e transparencia: PS-06 .
Datas de desenvolvemento da práctica: Planificación: curso 2022-2023 Implantación: curso 2023-2024 Avaliación: bimestral Axuste e mellora: bimestral
Breve descrición da práctica*: Protocolo para a xestión das informacións/actividades que se difunden desde o Decanato da Facultade de Filoloxía: Detectadas deficiencias na comunicación da información xeral, a Facultade considerou necesario racionalizar e reforzar o protocolo de información. Dado o exceso de información (ás veces duplicada) que tod@s recibimos diariamente a través do correo electrónico, a Xunta de Facultade aprobou xestionar de maneira eficiente a información que se difunde desde o Decanato e establecer un protocolo de procedemento da recepción e envío de información á comunidade do centro. Os criterios para a selección da información susceptible de ser divulgada polo decanato son os seguintes: A información debe estar relacionada sempre con actividades non ordinarias de índole académica, cultural ou de interese xeral para a comunidade do centro ou algún dos seus colectivos. Son obxecto de información: 1) Actividades que teñan lugar na facultade de Filoloxía. 2) Noticias ou información sobre convocatorias, concursos etc., de interese para a Facultade de Filoloxía relativas ao PDI, PAS e/ou estudantado. 3) Actividades académicas ou de extensión realizadas por membros (PDI, PAS, estudantado) da Facultade de Filoloxía nesta ou noutras sedes da USC. As informacións e actividades que precisen difusión por parte do Decanato deben ser notificadas ao enderezo: filoloxia.decanato@usc.gal utilizando o formulario modelo no cal se indican os detalles da actividade. (vid. https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/protocolo-distribucion-informacion) Todos os venres pola mañá o Decanato prepara un boletín de novas coas informacións e actividades recibidas ata as 12.00 horas do venres desa semana. Este boletín enviase a toda a comunidade os luns por correo electrónico.

O mesmo boletín queda á disposición da Facultade na páxina web pública, na Intranet, na rede social X e nas pantallas (vid. <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoxia/boletin-informativo-semanal>).

Breve avaliación da eficacia da práctica*:

O boletín recibiu boa acollida por parte do conxunto da comunidade (PDI, PAS, estudantado), como indican as valoracións d@s responsables da comunicación na Facultade, as mensaxes de satisfacción recibidas no decanato (o máis valorado: a claridade e a concentración da información nunha soa mensaxe recibida semanalmente) e a gran participación de todos os sectores na elaboración do boletín (vid. <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoxia/boletin-informativo-semanal>).

A elaboración e difusión do boletín sométense a avaliación e eventuais axustes e melloras por parte das instancias responsables da calidade da difusión da información na Facultade de maneira periódica (mellorar a presentación, engadir nov@s destinatari@s do boletín, excluír informacións relativas a eventos de calquera tipo organizados por entidades alleas á Facultade de Filoloxía, establecer necesarias excepcións aos criterios xerais seguindo o protocolo aprobado pola Xunta de Facultade por exemplo).

* Prégase brevidade e concisión na descrición e na avaliación da práctica. No caso de precisar máis espazo, pódese agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 3 páxinas en total.